

# Borrador de declaración e outros servizos de axuda RENDA 2012





## Borrador de declaración

### Como obter o borrador?

Pódese obter dende o 2 de abril ao 1 de xullo de 2013:



**Internet**, en [agenciatributaria.es](http://agenciatributaria.es)

con DNI electrónico, certificado electrónico ou n.º de referencia.



**Correo postal** ao domicilio fiscal. Os que o solicitaron marcando a casa 110 na Renda 2011 ou confirmaron o borrador de Renda 2011.

### Como adiantar o n.º de referencia por internet co servizo RENØ?

Dende o 2 de abril ao 1 de xullo de 2013, co servizo RENØ por internet.

Así non terá que esperar a recibir o borrador/datos fiscais no domicilio.

Para adiantar o seu n.º de referencia no servizo RENØ debe achegar:



**NIF ou NIE e primeiro apelido**

(de ambos os dous cónxuxes en tributación conxunta)



**Casa 620 da Renda 2011**

(e conta corrente se foi cero ou non se presentou a declaración)



**O seu teléfono móbil**

A Axencia Tributaria enviará un **SMS** co seu n.º de referencia, que lle permitirá por internet:

- Consultar, modificar e confirmar o borrador.
- Descargar os datos fiscais ao programa PADRE.
- Presentar a declaración...



### Onde encontrar o n.º de referencia na carta?

No **encabezamento da carta** que acompaña ao borrador/datos fiscais onde tamén aparece o n.º de xustificante, que se pode necesitar para confirmar o borrador.

Este ano é máis curto, o que facilita aínda máis as xestións



### Onde modificar o borrador se fose necesario?

É **necesario revisar o borrador**. Pode modificarse dende o 2 de abril ao 1 xullo de 2013:



Por internet



Por teléfono: 901 200 345

A partir do 13 de maio en oficinas da Axencia Tributaria e entidades colaboradoras, **cita concertada previa** por internet ou chamando o 901 121 224 ou 901 223 344.

## Onde confirmar o borrador?

### Segundo o resultado:

Por **Internet**:

- **Ingreso con domiciliación, devolución, renuncia á devolución e negativo:** NIF/NIE e o n.º de referencia ou certificado electrónico ou DNI electrónico.
- **Ingreso sen domiciliación:** NIF/NIE e o certificado electrónico ou DNI electrónico.

No **901 12 12 24 (VRU)**:

- **Devolución e negativo:** NIF/NIE e o n.º de xustificante.

Enviando mensaxe **SMS** ao **217223** para o resultado a **devolver e negativo** co seguinte texto:

- **Declaración individual:** RENDA (espazo) n.º xustificante (espazo) NIF/NIE.
- **Declaración conxunta:** RENDA (espazo) n.º xustificante (espazo) NIF primeiro declarante (espazo) NIF/NIE cónxuxe.

No **901 200 345 (Renda Asistencia)**:

- **Ingreso con domiciliación e renuncia á devolución:** NIF/NIE e o n.º de referencia.
- **Devolución e negativo:** NIF/NIE e o n.º de referencia ou n.º de xustificante.

Por **caixeiros automáticos, banca electrónica ou telefónica** das entidades financeiras que presten o servizo:

- **Ingreso sen domiciliación e devolución:** NIF/NIE e o n.º de xustificante.

Vías non presenciais

Vías presenciais

En entidades colaboradoras autorizadas (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito)

- **Ingreso sen domiciliación e a devolver:** documento en papel cuberto e asinado

En oficinas da Axencia Tributaria e determinadas oficinas habilitadas polas Comunidades Autónomas, cidades con estatuto de autonomía e entidades locais:

- **Ingreso con domiciliación, a devolver, renuncia á devolución e negativo:** documento en papel cuberto e asinado.

## Datos fiscais e programa PADRE

O borrador de declaración vai acompañado dos datos fiscais.

Se non ten o perfil borrador só obterá os datos fiscais.

Os datos fiscais proceden de información facilitada por terceiros (os seus pagadores, entidades...) e permiten aclarar con eles as diferenzas que existan entre os datos fiscais recibidos e os datos reais.

Para maior comodidade pode incorporar directamente os **DATOS FISCAIS** utilizando o programa de axuda para a declaración de Renda, **PADRE** en internet.



## Outros servizos de axuda

### INTERNET: [agenciatributaria.es](http://agenciatributaria.es)

- Información (normativa, manuais...).
- Trámites e servizos sen horario (borrador e datos fiscais, descarga gratuita do programa PADRE, cita previa, consulta da devolución...), co n.º de referencia, certificado electrónico ou DNI electrónico.

### RENDA INFORMACIÓN 901 335 533

Para aclarar as dúbidas tributarias coa declaración da Renda (atención personalizada de 9 a 19 horas, de luns a venres).

### CITA PREVIA

Para axudar a modificar o borrador e a confeccionar determinadas declaracións da Renda (sen rendas de traballo superiores a 65.000 € ou de capital mobiliario superiores a 15.000 €, sen actividades económicas en estimación directa, alteracións patrimoniais por máis de 2 transmisións, alugueres de máis de 1 inmovible ou réximes especiais, fundamentalmente).

Pode pedir cita previa dende o 6 de maio ao 28 de xuño de 2013 por:

- **Internet:** con NIF/NIE e casa 620 da Renda 2011 ou n.º de referencia ou certificado electrónico ou DNI electrónico.
- **VRU** chamando o 901 121 224 (atención automatizada, 24 horas) con NIF/NIE.
- **Teléfono 901 223 344** (atención personalizada de 9 a 19 horas, de luns a venres) con NIF/NIE.

Pode presentar nese mesmo momento o borrador ou a declaración realizada, se o resultado é a devolver, negativo ou a ingresar se domicilia o pagamento.

### COMUNIDADES AUTÓNOMAS

As Comunidades Autónomas, ao exercerem a súa corresponsabilidade fiscal, colaboran na confección de declaracións da Renda e na modificación dos borradores. Para máis información consulte na súa Comunidade Autónoma.



## Prazo para presentar o borrador de declaración

2 de ABRIL a 1 de XULLO de 2013 (vías non presenciais)

6 de MAIO a 1 de XULLO de 2013 (vías presenciais)

En todos os casos, ata o 26 de xuño de 2013 se domicilia o pagamento (carga na conta: 1 de xullo)

## Prazo para presentar a declaración da Renda

24 de ABRIL a 1 de XULLO de 2013 (só por internet)

6 de MAIO a 1 de XULLO de 2013 (resto de vías)

En todos os casos, ata o 26 de xuño de 2013 se domicilia o pagamento (carga na conta: 1 de xullo)